



IV FESTIVAL INTERNACIONAL
DE **CORTOS** SOBRE
SALUD COMUNITARIA

poli
med cado

www.polimedicado.org



BASES DO IV FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTOS POLIMEDILABS

1. ¿DE QUÉ VAI O FESTIVAL? Os curtos participantes deberán desenrolar algunha das seguintes temáticas:

a) **Saúde comunitaria**. Entendida a saúde como un asunto que non é individual e que, polo tanto, pódese colaborar, axudar ou impulsar procesos de saúde comunitaria poñendo o acento fóra do centro de saúde, especialmente noutros recursos e persoas que xeran saúde na comunidade.

b) **Desmedicalizando o cotián**. Accións dirixidas a revertir o proceso de medicalización da vida, entendendo a medicalización como o conxunto de eventos da vida cotiá que tenden a se converter en problemas de saúde e, dende esa perspectiva, son abordados e tratados por diferentes profesionais da saúde.

c) **Da deprescripción de Medicamentos á prescripción social**. A deprescripción pode verse coma o proceso de desmontaxe da prescripción de medicamentos por medio da súa análise, tratando de resolver a súas paradoxas. E a prescripción social coma a derivación que se fai a unha persoa que acode á consulta para acollerse aos recursos non sanitarios que existen na comunidade.

2. ¿QUÉN PODE PARTICIPAR? Pode participar calquera, sexa cal sexa a súa nacionalidade.

3. ¿CÁNTOS CURTOS SE PODEN PRESENTAR? O número de curtametraxes que se pode presentar a concurso é ilimitado.

4. ¿QUÉ CONDICIÓN DEBEN CUMPRIR OS CURTOS PRESENTADOS?

- a. Os curtos durarán un máximo de 6 minutos sen contar as carátulas oficiais de inicio e final.
- b. Será motivo de rexeitamento do curto, a publicidade directa ou indirecta de calquera marca, produto ou servicio.
- c. Os 3 primeiros segundos deben conter a carátula oficial do concurso. Despois irá a carátula co título e director/es do curto, descargables en www.polimedicado.org
- d. Os 3 últimos segundos do curto deben conter a carátula de peche descargable en www.polimedicado.org

5. ¿EN QUÉ IDIOMA SE PODE PRESENTAR?

Os curtos poderánse presentar en calquera idioma. No caso de que o idioma non sexa castelán ou inglés, deben insertarse subtítulos en calquera destes idiomas. Para facilitar a comprensión a persoas con discapacidade auditiva, o xurado valorará positivamente a presenza de subtítulos en castelán e/ou inglés.

6. ¿CÓMO PARTICIPAR?

Para participar só tes que darte de alta como usuario na nosa páxina web (www.polimedicado.org) e cumprimentar o formulario de inscrición que aparece na sección “Festival” da nosa páxina web. Nese formulario deberás indicar o teu nome, apelidos, teléfono e mail, ademais do teu NIF (se és español), NIE (se és estranxeiro pero residente en España) ou o número de PASAPORTE (se és estranxeiro e non resides en España). Se o curto tén varios directores, cada ún deles deberá indicar o seu NIF, NIE ou PASAPORTE. Ademais, deberá indicar o nome do curto e unha breve sinopse do mesmo. Os envíos dene realizarse ao correo festival@polimedicado.org e mediante www.wetransfer.com.

7. ¿CÁL É O PRAZO? Podes enviar os teus traballos dende o 20 de maio de 2017 ata o 28 de outubro de 2017 ás 24 horas. Unha vez rematado o prazo de recepción, o sistema permanecerá aberto dúas semanas máis para permitir as votacións por parte do público en xeral. Despois procederáse ao recuento de votos para designar o premio do público, e o xurado reuniráse para decidir o premio do xurado e accésit.

No caso de que o faio do público coincida co do xurado, otorgarase como faio do público o premio ao seguinte por orde de votación. Os galardóns entregaránse na gala que se celebrará en Vitoria-Gasteiz o 17 de novembro de 2017.

8. PREMIOS:

- a. Primeiro premio 1500€
- b. Accésit 1000€
- c. Premio do público 500€

9. FAIO DO XURADO: O faio do xurado farase público na cerimonia final de entrega dos premios que se celebrará en Vitoria-Gasteiz o 17 de novembro de 2017. Se a xuízo do Xurado non se presentaran obras de suficiente calidade, os premios poderán quedar desertos. A selección dos gañadores será a discreción absoluta do xurado e o seu faio será definitivo e inapelable.

O premio do público será elixido tendo en conta a audiencia xerada nun determinado período e mediante a votación popular. A organización resérvase o dereito de eliminar de xeito definitivo e inapelable aqueles traballos nos que se aprecien comportamentos contrarios ao xogo limpo e/ou votacións fraudulentas ou realizadas por usuarios pantasma.

10. LEGAL. O/os autor/es, polo feito de participar no festival, cede/n de xeito gratuito e voluntario a titularidade da obra ao Laboratorio de Prácticas Innovadoras en Polimedición e Saúde. En todo caso, ditas obras quedarán protexidas baixo licenza creative commons 3.0. Recoñecemento-NonComercial-CompartirIgual (by-nc-sa).

Colabora:



Osatzen- Sociedad Vasca de Medicina de Familia y Comunitaria
